

## **Estudos e Reflexións sobre Patrimonio Cultural. Seminario en memoria da profesora Ana Goy Diz**

---

**Xoves 15 de xuño, de 16:00 a 19:30 h. Edificio Castelao**

O seminario Estudos e Reflexións sobre o Patrimonio Cultural, dedicado á memoria da profesora Ana Goy Diz, propón unha aproximación a diferentes aspectos relacionados co patrimonio cultural, campo de investigación no que a homenaxeada desenvolveu a súa traxectoria académica. A súa defensa do patrimonio galego, a súa investigación, xestión e protección, máis alá dos valores monumentais e histórico-artísticos, motiva os contidos destas xornadas, nas que participan persoas moi vinculadas á súa vida e traxectoria profesional.

O encontro abordará un problema central, o do valor do patrimonio como testemuño dunha memoria colectiva, e referencia, polo tanto, da identidade dunha comunidade que se constrúe socialmente. Este legado cultural, que consideramos irrenunciable, forma parte dun amplo contexto plural que está constituído, ao mesmo tempo, por un conxunto de valores que o particularizan e o distinguen. A responsabilidade da súa conservación e salvagarda implica necesariamente a súa identificación e estudo. Por outra banda, para a protección e conservación empregamos diferentes recursos e estratexias que poden garantir e preservar eses valores e a súa transmisión ás xeracións vindeiras.

### **PROGRAMA**

---

- **16:00 h Presentación do seminario**
  - José Manuel Rey. Director do Museo de Pontevedra
- **16:15 h Esbozo biográfico da homenaxeada**
  - Diana Duo Ramila. Museo de Pontevedra e Universidade de Santiago de Compostela. Coordinadora do seminario

#### **Sesión 1. Patrimonio, memoria e identidade**

- **16:30 h “Patrimonio con memoria e sabor de identidade. Ouro, prata, bronce, ferro, tamén aluminio, e madeira no templo de San Xínés de Padriñán (Sanxenxo)”**
  - José Manuel García Iglesias. Grupo de investigación Iacobus (GI-1907), Universidade de Santiago de Compostela

- **16:45 h “Realidades entrecruzadas. Os conceptos de patrimonio, memoria, identidade e lugar a través da Carta de Cracovia”**
  - Juan M. Monterroso Montero. Grupo de investigación Iacobus (GI-1907), Universidade de Santiago de Compostela
- **17:00 h “A representación do poder do bispo Fernando de Velloso no Lugo do século XVI: a torre dos Signos”**
  - Marcos Gerardo Calles Lombao. Museo Diocesano Catedralicio de Lugo
- **17:15 h “A 'pegada' do bispo frei Francisco Yzquierdo Tavira na cidade de Lugo durante a segunda metade do século XVIII”**
  - José Antonio Ferreiro Varela. Diocese de Lugo
- **17:30 h Pausa**

## **Sesión 2. Protección e conservación do patrimonio cultural. Patrimonio sostible**

- **18:00 h “Aplicacións da investigación arquivística na Historia da Arte: a historiografía ao servizo da conservación do patrimonio artístico e da súa valoración social”**
  - Leopoldo Fernández Gasalla. Grupo de investigación Iacobus (GI-1907), Universidade de Santiago de Compostela
- **18:15 h “Cara á definición dunha paisaxe cultural. O aproveitamento da cunca alta do Tera”**
  - Begoña Fernández Rodríguez. Grupo de investigación Iacobus (GI-1907), Universidade de Santiago de Compostela
- **18:30 h “A investigación como ferramenta para a conservación e posta en valor patrimonial. O cuartel de San Fernando de Lugo”**
  - María Jesús Regueiro Burgo. Universidade de Santiago de Compostela e Academia de Enfermería de Galicia
- **18:45 h “O setentrión de Galicia na Unesco: da torre de Hércules á catedral de Mondoñedo”**
  - Carlos Andrés González Paz. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia)
- **19:00 h “A candidatura da Ribeira Sacra á lista do Patrimonio Mundial”**
  - Mario Crecente Maseda. Universidade da Coruña e Crecente Asociados
- **19:15 h Clausura**

## RESUMOS DAS INTERVENCIÓNS E NOTAS BIOGRÁFICAS

---

### **Patrimonio con memoria e sabor de identidade. Ouro, prata, bronce, ferro, tamén aluminio, e madeira no templo de San Xínés de Padriñán (Sanxenxo)**

José Manuel García Iglesias

#### **Resumo**

A escultura e a ourivería teñen na nova igrexa parroquial de San Xínés de Padriñán, en Sanxenxo, testemuños importantes que se relacionan con autores de procedencia madrileña con obras que se encadran nos trinta últimos anos do século xx e primeiras décadas do xxi. Cómpre sinalar que José Luis Sánchez e Aurora Cañero teñen en Madrid o referente para ter en conta, con importantes solucións nas que se utilizan, como materiais máis significativos, unha aliaxe de aluminio e o bronce. En canto á achega dos artistas de Galicia Castor Lata, Suso León, Delgado Gambino, Fernando Mayer e Manuel Dávila, os materiais dos que parten son moi variados: o ouro, a prata, a pedra, o bronce, a madeira e ata pedras preciosas, camafeos de cuncha...

#### **Nota biográfica**

José Manuel García Iglesias (Santiago de Compostela, 1950) licenciouse en 1973 en Historia e Xeografía, ao ano seguinte, en Historia da Arte e doutorouse en 1979. Recibiu o Premio Extraordinario en ambas as licenciaturas e tamén pola súa tese de doutoramento, e en 1976 un accésit ao Premio Nacional de Fin de Carreira de Historia da Arte. Desde 1974 é profesor da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela; desde 1986, catedrático de Historia da Arte e na actualidade é profesor emérito. Conta con seis sexenios de investigación.

Entre os seus libros destacan: *El Pintor de Banga* (1983), *La pintura manierista en Galicia* (1986), *Pazos de Galicia* (1989), *A Catedral de Santiago e o Barroco* (1990), *Galicia, tiempos de Barroco* (1990), *Galicia, hacia la modernidad* (1998), *Camino de Santiago. Patrimonio Mundial* (2004), *Santiagos de Santiago* (2011), *Secretos de catedral* (2013), *Santa Baia de Banga* (2015), *Minerva, la diosa de Compostela* (2016), *El franciscanismo en Galicia. Ayer y hoy de su patrimonio artístico* (2019) ou *Galicia. Sus catedrales y Santiago el Mayor* (2021), entre outros. No ámbito dos proxectos expositivos, estivo á fronte de "Galicia no tempo" (1990-1991), "Galaecia Fulget" (1995-1996), "Galicia, terra única" (1997), "Xacobeo 99" e "Xacobeo 2004", "A Minerva compostelá. As súas glorias" (2021-2022) ou "A Minerva Compostelá no pasado" (2022-2023), entre outros.

Desde 2017 desenvolve unha liña de investigación coa que afonda no coñecemento da presenza do Xacobeo nas catedrais hispanas.

## **Realidades entrecruzadas. Os conceptos de patrimonio, memoria, identidade e lugar a través da Carta de Cracovia**

Juan M. Monterroso Montero

### **Resumo**

No ano 2000 publícase a Carta sobre o Patrimonio Construído de Cracovia. Nela, xunto coas novas correntes de pensamento patrimonial, introdúcense factores de carácter xeohistórico que determinarán a súa redacción; entre eles, a toma de consciencia da íntima relación existente entre o patrimonio cultural e conceptos coma memoria, identidade e territorio.

### **Nota biográfica**

Juan M. Monterroso Montero é catedrático de Historia da Arte na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Anteriormente, ata o 2002, ocupou o posto de profesor titular de Conservación do Patrimonio, Historia da Arte e Deseño na Universidade da Coruña. Foi director do Departamento de Historia da Arte entre 2003 e 2008 e desde 2016 ata 2020; decano de 2008 a 2016, e desde 2003 coordina o grupo de investigación Iacobus (GI-1907).

Grazas ao seu labor docente e investigador puido dedicarse a traballos e estudos vinculados coa Historia da Arte, en especial con todo aquilo relativo á arte galega durante a Idade Moderna e ao patrimonio cultural. Tanto nun coma noutro aspecto publicou diferentes artigos e monografías que tiveron como obxecto de estudo os principios básicos sobre a conservación do patrimonio, a actividade pictórica en conxuntos monásticos e catedralicios, a iconografía mariana, o Camiño de Santiago e a catedral compostelá, a literatura emblemática e a súa repercusión na cultura moderna, a teoría, protección e xestión do patrimonio cultural (informes históricos e proxectos expositivos), e a historia da moda e o deseño industrial.

Así mesmo, impartiu cursos e conferencias en diversas universidades e centros de investigación de España, Portugal, México, Arxentina, Brasil, Francia, Chile, Italia e Polonia; participou como profesor convidado en cursos de posgrao e en mestrados e tamén foi o responsable de diversas exposicións que tiveron como tema central a cidade de Santiago, a arte galega ou o Camiño de Santiago, coma "Gallaecia Fvlget", "Galicia Renace", "Todos con Santiago. Patrimonio eclesiástico", "Compostela: autorretrato", "Europa fue Camino", "Santiago desde la Memoria", "Alfonso Costa. A vertixe na mirada", "Accións estratéxicas da Deputación Provincial da Coruña", "Goya-Dalí", "Santiago, punto de encontro", "Extrano cotidiano" ou "Santiago. A orixe".

## **A representación do poder do bispo Fernando de Vellosillo no Lugo do século XVI: a torre dos Signos**

Marcos Gerardo Calles Lombao

### **Resumo**

No ano 1567 chega a Lugo o prelado de Ayllón Fernando de Vellosillo Barrio (1567-1587). O paso deste bispo polo Concilio de Trento (1545-1563) viuse plasmado na continua evolución da vella Lucus Agusti, con exemplos tan representativos coma a construción de fontes ou a elevación da casa do concello.

O remate da torre dos Signos da catedral de Lugo (1575-1583) é o maior exemplo da representación do poder deste prelado natural da vila segoviana de Ayllón, que seleccionou para esta obra a Gaspar de Arce "o Vello", estandarte da nutrida representación de mestres trasmeranos que traballaron en Lugo durante o último cuarto do século XVI e primeira metade do XVII e compartiron traballos nesta torre con outros mestres desa zona coma Francisco de la Sierra ou Juan Calderón, mestre campaneiro.

### **Nota biográfica**

Marcos Gerardo Calles Lombao é director do Museo Diocesano Catedralicio de Lugo desde setembro de 2021. Doutor en Historia, Xeografía e Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, USC (2021), desde 2022 é doutorando en Educación pola USC. Graduado en Historia da Arte pola UNED (2014), conta cun mestrado universitario en Métodos e Técnicas Avanzadas de Investigación Histórica, Artística e Xeográfica pola UNED (2016).

Autor da tese de doutoramento dirixida por Ana E. Goy Diz *Promotores y artistas en la Santa Iglesia Catedral Basílica de Lugo durante los siglos XVII y XVIII* (2021), tamén é autor de artigos en revistas científicas coma *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Abrente*, *Huarte San Juan*, *Tiempos Modernos*, *Atrio*, *Estudios Mindonienses*, *Mazarelos*, *Lvcensia* ou *Croa*. Participou en diversos congresos académicos coma a vixésimo segunda e vixésimo terceira edición do Congreso Nacional de Historia da Arte (2018-2021), o I Congreso Mundial Xacobeo (2021), as VII Xornadas Internacionais de Historia da Arquitectura (2019) ou o Congreso Internacional El Mundo de las Catedrales (2022).

## **A "pegada" do bispo Frei Francisco Yzquierdo Tavira na cidade de Lugo durante a segunda metade do século XVIII**

José Antonio Ferreiro Varela

### **Resumo**

Frei Francisco Yzquierdo Tavira, bispo de Lugo desde 1748 ata 1762, deixou unha pegada indeleble na Cidade das Murallas. Desde a súa chegada a Lugo, en marzo de 1749, impulsou melloras en localizacións coma a igrexa de San Bartolomeu, a Porta de Santiago ou o cárcere do Campo Castelo, pero o que maior fortuna

histórica lle reportou foi o seu papel na traída da auga á urbe e a construción de fontes.

Esta revisión crítica do legado deste bispo natural de Los Hinojosos (Cuenca) aborda tamén a etapa final da súa vida, desde os pormenores do seu enterro na catedral de Lugo ata as súas disposicións testamentarias, as cales se reflectiron na propia basílica lucense.

### **Nota biográfica**

José Antonio Ferreiro Varela licenciouse en Estudos Eclesiásticos pola Universidade Pontificia de Salamanca (1989) e en Teoloxía, na especialidade de Liturxia, pola Facultade de Teoloxía de Cataluña (2003). Actualmente é delegado episcopal de Liturxia, Relixiosidade Popular e Patrimonio Histórico-Artístico da Diocese de Lugo e profesor do Instituto Teolóxico Lucense e do Instituto Superior de Ciencias Relixiosas San Dámaso. Ademais, desde 2023 é doutorando en Historia, Xeografía e Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela.

Publicou diversos artigos en revistas científicas coma "El arte al servicio del Santísimo Sacramento: una aproximación al programa iconográfico eucarístico en la catedral de Lugo durante la Edad Moderna" en *Liceo Franciscano* (2020), "Fray Francisco Yzquierdo Tavira: bienhechor de Lugo. Sus disposiciones testamentarias" en *Lvcensia* (2022) ou "San Ignacio de Antioquía: aproximación a su persona y pensamiento ministerial" en *Auriensia* (2018). Realizou comunicacións en congresos, coma "Iconografía de San Froilán: a devoción polo patrón na Catedral de Santa María de Lugo" no Congreso Internacional El Mundo de las Catedrales realizado en Burgos (2022).

## **Aplicacións da investigación arquivística na Historia da Arte: a historiografía ao servizo da conservación do patrimonio artístico e da súa valoración social**

Leopoldo Fernández Gasalla

### **Resumo**

Xunto á tarefa máis obvia de afondar no coñecemento desde o punto de vista da historia da arte, a investigación documental permite poñer ao servizo do persoal dedicado á catalogación e conservación do patrimonio datos concernentes á autoría das obras, ás datas de realización, ás relacións estilísticas ou á contorna sociolóxica en que foron xeradas. A documentación orixinal proporciona tamén información esencial no que respecta aos materiais e ás técnicas construtivas e artísticas empregadas, así como ás etapas construtivas ou de realización. Todo iso resulta esencial para abordar a restauración e a conservación do patrimonio histórico-artístico, pero tamén para potenciar o seu coñecemento entre o público especializado e profano, tanto a través da docencia coma da divulgación.

### **Nota biográfica**

Leopoldo Fernández Gasalla (A Coruña, 1964) é doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (2004) e recibiu o Premio Extraordinario polo seu doutoramento. É partícipe do Grupo de Investigación Iacobus da Universidade de Santiago de Compostela e tomou parte en proxectos de investigación con financiamento público. Impartiu docencia nas universidades de Santiago de Compostela e Zaragoza e no Centro Autonómico de Formación e Innovación da Xunta de Galicia. Impartiu conferencias, no Museo Arqueolóxico Provincial de Lugo e no Museo Histórico Militar da Coruña, entre outras institucións. Catedrático de Ensino Medio, actualmente exerce a docencia como profesor de Bacharelato Internacional no IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

Desde 1989 publica traballos sobre temas relacionados coa historia e a arte de Galicia, particularmente coa época moderna. Entre outras obras destacan *La arquitectura en tiempos de Domingo de Andrade. Arquitectura y sociedad en Galicia, 1660-1712* (Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, 2004); *Aprendizaje, formación artística y sociedad en Galicia, 1517-1710* (Andavira, Xunta de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Ministerio de Educación, Unión Europea, 2017) ou *Galicia en la Guerra de Sucesión, 1701-1714* (Santiago de Compostela, Consello Superior de Investigacións Científicas, 2018).

## **Cara á definición dunha paisaxe cultural. O aproveitamento da cunca alta do Tera**

Begoña Fernández Rodríguez

### **Resumo**

Unha das figuras máis complexas desde o punto de vista patrimonial é a paisaxe cultural. Parte desta dificultade estriba na forte pegada que teñen os valores naturais nestes espazos, maiormente recoñecibles, que fan que os culturais queden relegados a un segundo plano ou non sexan obxecto de atención. Por iso resulta necesario identificar e valorar todos os aspectos que condicionan a pegada destas paisaxes, tanto naturais coma culturais, como paso previo para articular o seu recoñecemento cultural e a súa salvagarda. Isto é o que acontece, entre outros, na cunca alta do Río Tera, ámbito que conta cuns valores naturais recoñecidos a nivel internacional; nela obviáronse aqueles valores relacionados coa acción humana, en concreto os relacionados coa creación de infraestruturas hidroeléctricas, intervencións fundamentais na configuración do espazo que hoxe coñecemos e no estado en que chegou aos nosos días.

### **Nota biográfica**

Begoña Fernández Rodríguez é profesora titular do Departamento de Historia da Arte de Santiago de Compostela (USC) e membro do Grupo de Investigación Iacobus (GI- 1907). As liñas de investigación nas que desenvolveu a súa traxectoria relaciónanse coa arte e a iconografía medieval, e co patrimonio cultural e a súa protección e restauración. Publicou artigos sobre estes temas, especialmente a arte medieval e o patrimonio cultural galego. Tamén desenvolveu estudos para

proxectos de protección e conservación do patrimonio (Baiona), e participou en plans directores de mosteiros: o de Melón (Ourense), San Martiño Pinarío (Santiago de Compostela) e San Vicente do Pino (Monforte de Lemos). Actualmente dirixe un proxecto de investigación nacional titulado “Nuevos paisajes olvidados. Agua, patrimonio y territorio cultural”, centrado na análise da afectación do patrimonio cultural pola construción de encoros.

## **A investigación como ferramenta para a conservación e posta en valor patrimonial. O cuartel de San Fernando de Lugo**

María Jesús Regueiro Burgo

### **Resumo**

O cuartel de Inválidos Inhábiles de San Fernando de Lugo é un edificio singular cuxa construción se xestou no palacio de El Pardo en 1779, cando Carlos III era rei e Francisco Sabatini o arquitecto maior das obras reais. Prestou atención sanitaria tanto a inhábiles coma á tropa en xeral en tempos de guerra e tamén foi acuartelamento permanente de diferentes corpos militares. Recibiu distintas denominacións ao longo da súa historia, en ocasións cuartel e noutras hospital. En decembro de 2003 o Ministerio de Defensa vendeullo ao Concello de Lugo. O novo propietario dispuxo que se construíse entre os seus muros un teatro, un auditorio e un centro cultural para a cidade.

Durante a investigación levada a cabo pola autora desta comunicación, tívose acceso a un plano e a diversa documentación do edificio, ata ese momento inédita, que achegaba datos que eran o suficientemente relevantes como para poñelos en coñecemento das autoridades locais para “salvar” o cuartel da mutilación á que ía ser sometido tras a intervención que se practicaría nel para o seu novo uso.

O 9 de xullo de 2009, o Consello da Xunta de Galicia declarou o inmovible como Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de monumento. Delimitouse tamén a zona da contorna de protección deste, que figura no anexo I do *Boletín Oficial do Estado* (BOE) do 20 de abril de 2009.

### **Nota biográfica**

María Jesús Regueiro Burgo é diplomada universitaria en Enfermería (Escola Universitaria de Enfermería de Lugo, 1978-1981), licenciada en Humanidades pola USC (2000-2004) e doutora en Humanidades pola mesma universidade coa tese *El sueño de un hospital: Estudio de la arquitectura asistencial y los cuidados en Lugo (1621-1930)*. Publicou numerosos artigos e participou en congresos, xornadas e cursos de carácter científico, ademais de relatorios, conferencias e comunicacións. É autora do libro *Proyectos para el Hospital de Isabel II, el Instituto de Segunda Enseñanza y la Diputación Provincial de Lugo*. Lugo (Deputación Provincial de Lugo, 2011).

Foi enfermeira do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) de Lugo (1982 - 2019), docente da Escola Universitaria de Enfermería do campus de Lugo (2005-2019) e titora de varios traballos de fin de grao na Escola Universitaria de



Enfermería de Lugo ata a súa xubilación, en 2019. Formou parte do Comité Científico da Escola Universitaria de Enfermería desde o curso académico 2005 ata 2019 e do Comité Local de Validación da Investigación da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo-Cervo-Monforte (EOXI), e é académica de número da Academia Galega de Enfermería.

## **O setentrión de Galicia na UNESCO: da torre de Hércules á catedral de Mondoñedo**

Carlos Andrés González Paz

### **Resumo**

En 2009 a Unesco recoñecía o carácter único e excepcional da torre de Hércules, testemuño pétreo dunha tradición cultural de xenética romana, imbricada na identidade histórica do antigo reino de Galicia. Así mesmo, en 2015, a Unesco ampliaba a extensión do ben cultural en serie denominado Camiño de Santiago de Compostela, que se inmatriculara inicialmente en 1993. En concreto, tratábase da inscrición de catro itinerarios de peregrinación cristiá, de ADN xacobeo, incluída a Ruta da Costa do Camiño do Norte, en cuxo traxecto sobresa a catedral de Mondoñedo, un elemento singular e de extraordinario valor cultural, que supoñía a entrada da vella cidade episcopal na selecta lista do Patrimonio Mundial.

### **Nota biográfica**

Carlos Andrés González Paz especializouse en Historia Medieval na Universidade do Porto e doutorouse en Historia Medieval na Universidade de Santiago de Compostela. É investigador no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, no centro mixto do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e na Xunta de Galicia. Ademais, é investigador asociado do Centro de Estudos de Historia da Cidade da Universidade de Santiago de Compostela e investigador colaborador do Centro de Investigación Transdisciplinar Cultura, Espazo e Memoria da Universidade do Porto.

Entre as súas liñas de investigación figuran a organización socioeconómica da paisaxe medieval e a socioloxía histórica da peregrinación e o Camiño de Santiago. É autor, entre outras publicacións, de *O bispado de Mondoñedo na Idade Media: territorio, comunidade e poder*, editor de *Women and Pilgrimage in Medieval Galicia*, coautor de *La peregrinación de la nobleza en la Edad Media* (con Marta González Vázquez e Helena Guzik) e colaborador en *Mulleres na Ruta Xacobeá* da Editorial Compostela. Así mesmo, é autor de numerosos artigos referidos ao Camiño de Santiago e ás peregrinacións. Desde 2008 é coordinador dos Coloquios Internacionais Compostela, organizados polo CSIC e a Comisión Internacional de Historia e dos Estudos do Cristianismo, CIHEC.

## A candidatura da Ribeira Sacra á lista do Patrimonio Mundial

Mario Crecente Maseda

### Resumo

Entre 2017 e 2022 Ana Goy e Mario Crecente formaron parte do equipo redactor constituído pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da candidatura da Ribeira Sacra á Lista do Patrimonio Mundial, como directora científica e coordinador, respectivamente. Traballaron conxuntamente na preparación do formulario da proposta de inscrición, participaron na misión técnica de avaliación e asistiron a innumerables xornadas de participación, simposios e presentacións. Aínda que as recomendacións de ICOMOS como órgano asesor da Unesco levaron a aprazar a presentación da candidatura, hoxe séguese traballando para que a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial sexa pronto unha realidade.

O último seminario no que Ana Goy e Mario Crecente presentaron conxuntamente os valores desta paisaxe foi o curso da Universidade de Verán da USC Auga, Terra, Lume e Ar: A Ribeira Sacra, realizado no Centro Cívico Social de Monforte de Lemos entre os días 15 e 18 de xuño de 2021. Esa conferencia retómase e actualízase para presentar os valores do territorio, o proceso da candidatura e os logros que obtivo Ribeira Sacra desde que se puxo en marcha este intenso proceso de valorización da paisaxe.

### Nota biográfica

Doutor arquitecto, Mario Crecente Maseda desempeñou diversos cargos na administración nos campos do patrimonio, do urbanismo e do turismo. No 2000 fundou Crecente Asociados, empresa que, desde unha óptica arquitectónica, se dedica á activación dos diversos tipos de elementos patrimoniais a través dun turismo responsable, creativo e planificado. Así mesmo, é profesor de Xestión Turística do Patrimonio no Grao de Turismo e no dobre grao de Turismo e Ciencias Empresariais da UDC.